



**Concello de Barro**

## **FOGUEIRAS DE SAN XOÁN E SAN PEDRO 2024**

Faise Saber que aquelas persoas interesadas en realizar as tradicionais fogueiras de **San Xoán** (noite de 23 ó 24 de xuño) e **San Pedro** (noite do 28 ó 29 de xuño), teñen de prazo ata o día 21 de xuño (San Xoán) e ata o día 27 de xuño (San Pedro), para presentar unha comunicación no Rexistro do Concello ou a través de instancia xenérica en <https://barro.sedelectronica.gal/> .

Deberán terse en conta as seguintes **normas**:

- As fogueiras non poderán iniciarse antes das 0:00 horas da noite de San Xoán ou San Pedro e terán que estar totalmente rematadas ás 4:00 horas.
- A montaxe das fogueiras deberá realizarse en lugares despexados.
- A fogueira non superará unha altura superior a 2 metros e un diámetro de 3 metros (no caso das realizadas en terreos particulares), e unha altura de 3 metros e un diámetro de 4 metros (no caso das realizadas na vía pública).
- So se queimará material combustible sólido, quedando expresamente prohibida a queima de neumáticos, gomaespumas, plásticos, aerosoles de calquera clase, ou calquera outro tipo de residuo inflamable.
- As persoas organizadoras ou responsables das fogueiras, deberán ser maiores de idade, sendo responsables da súa total e correcta extinción, coidando de que ao remate da mesma as cinzas queden totalmente apagadas.
- Con exceso de vento queda prohibido prender fogueiras.
- No suposto de que o índice de risco diario de incendio forestal (IRDI) sexa moi alto ou extremo o día de celebración, quedara totalmente prohibida a realización das fogueiras previamente comunicadas ou autorizadas.

Esta Alcaldía fai un chamamento á veciñanza para que faga un correcto cumprimento das normas.

O ALCALDE, Asdo. Xosé Manuel Fernández Abraldes.  
(DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE).

**Concello de Barro**

San Antoniño 11 -Perdecanaí, BARRO. 36194 Pontevedra. Tfno. 986711002. Fax: 986711001

